



VENRES, 12 DE MAIO DE 2023 VIERNES, 12 DE MAYO DE 2023 | BOP NÚMERO 90

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Listaxe definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal [1 praza de mediador/a social (A2)]

ANUNCIO

Por resolución da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal núm. 663/2023 de data 14.04.2023 aprobouse a “Listaxe definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal [1 praza mediador/a social (A2)]”.

Foron advertidos erros nesta resolución referidos, á data de constitución do órgano de avaliación e á omisión dos motivos de exclusión dos aspirantes inadmitidos, que foron corrixidos por resolución 852/2023 de 09.05.2023.

Procede publicar o contido da nova resolución correctora deses erros e refundir, a efectos de maior claridade nun único texto, o anuncio da redacción definitiva:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal [1 praza mediador/a social (A2)].

ADMITIDOS/AS:

ADMITIDOS/AS		
Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI
1	DOVAL SÁNCHEZ, NATALIA	***632***
2	ETCHEVERS LEMUS, MARÍA TERESA	***495***
3	FERNÁNDEZ FELIZ, ELISA	***707***
4	FERNÁNDEZ VILLAVERDE, ANA MARÍA	***936***
5	GÓMEZ LAMAS, CARMEN PATRICIA	***933***
6	HERNÁNDEZ MOURIÑO, ANDRES BIEITO	***851***
7	LOUREIRO ROMAR, ELBA	***172***
8	PÉREZ CALVO, VERÓNICA EVA	***238***
9	RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, SORAYA	***066***
10	SÁNCHEZ SUÁREZ, CARLA	***300***
11	ZAS CASTRO , MARÍA MANUELA	***535***

EXCLUÍDOS/AS:

EXCLUÍDOS/AS			
Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
1	JULIAN GUTIÉRREZ, ARIADNA	***039***	Presentación da solicitude fóra de prazo

Segundo.- Publicar a lista definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal (1 praza mediador/a social (A2)) na web municipal: www.culleredo.es e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Determinar a composición nominativa do tribunal de acordo co seguinte detalle:

- Presidente
 - Titular: Francisco Javier Varela Tejedor (Xefe do gabinete técnico)
 - Suplente: Jesús López Agra (Pedagogo)
- Vogais:
 - Titular: Sandra García Uzal (Traballadora social)
 - Suplente: Dolores Parada Yáñez (Traballadora social)
 - Titular: Nieves García Vázquez (Psicóloga)
 - Suplente: María de las Nieves Fuentes Bermejo (Xefa da asesoría xurídica)
 - Titular: Ángela Varela Suárez (Traballadora social)
 - Suplente: Teresa Molares Cabana (Pedagoga)
- Secretario:
 - Titular: Jose Villán Fuertes (Secretario xeral do Concello de Culleredo)
 - Suplente: Funcionario/a en quen delegue.

Cuarto.- Os membros do tribunal deberán abstenerse de formar parte do mesmo, e os aspirantes poderán recusalos, cando concorra algunha das circunstancias previstas, respectivamente nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Quinto.- Nomear como persoal de apoio do tribunal cualificador do proceso selectivo a don Marcos Novás Rodríguez.

Sexto.- Convocar aos membros do tribunal cualificador para a constitución do mesmo o día 18 de maio de 2023 ás 09:30 horas na casa consistorial sita na rúa do Concello, 12."

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses."

O que se publica aos efectos do disposto no punto 4.4 das bases xerais desta convocatoria.

Culleredo, a 10 de maio de 2023

A concelleira delegada de seguridade cidadá e persoal

Marta María Figueira Fuentes

PD. (Resolución do 13/07/2020)

BOP nº 114 do 23/07/2020

2023/3753